

Algunhas publicacións feitas co gallo do Ano Xubilar de san Rosendo

Segundo L. Pérez López

Co gallo do Ano Xubilar de san Rosendo atopámonos cunha boa achega á bibliografía rosendiana. Son en xeral materiais en orden á proposta pastoral que, dende as dioceses de Mondoñedo-Ferrol e Ourense, se viviu como unha oportunidade excepcional para dar a coñecer a figura de san Rosendo e, ó mesmo tempo, facer unha proposta seria acerca do presenza pública da fe na sociedade galega de hoxe.

O eco deste acontecemento, sobre todo pola presenza constante do mesmo nos medios de comunicación, chegou a todos os recunchos e institucións de Galicia. Os traballos e propostas pastorais publicados son un bo campo para refrescar a memoria e pensar no futuro de Galicia ó abeiro da fe e da tradición que Rosendo Gutiérrez nos legou.


Como é natural, estas publicacións, teñen diversos niveis e, polo tanto, diverso rigor en orde ó publico a quen se dirixen. Por suposto que non enumero os folletos, dípticos, carteis, medallas, etc... que foron publicados en grande número.

1. *San Rosendo, bispo e fundador*, obra escrita por Mons. Miguel Ángel Araújo Iglesias, bispo emérito de Mondoñedo-Ferrol, publicado no nº 15 (1999) pp. 13-124 de *Estudios Mindonienses*.

Publicado como artigo no noso anuario, foi logo editado como libro en dúas ocasións. No ano 2000, e logo fíxose unha nova reedición en 2007, co gallo do Ano Xubilar. É, sen dúbida, unha das mellores sínteses sobre a vida e contexto histórico de San Rosendo. D. Miguel fixo un percorrido por todo o que ata entón se tiña publicado, desfecendo algúns erros que se transmitían sen rigor histórico. Por iso parece obrigado comezar este breve elenco bibliográfico facendo referencia ó seu traballo.

2. *San Rosendo, Obispo de Mondoñedo, fundador de Celanova y pacificador de la Gallaecia*, BAC, Madrid 2007. Obra escrita por Xosé Ramón Hernández Figueiredo.

Con bo tino e acerto este mozo, historiador e investigador ourensán, fíxolle fronte a un traballo completo sobre as fontes, bibliografía e biografía do noso Santo. Ven a ser un estudo ineludible para quen queira achegarse á figura rosendiana.



3. *Sanctus Rudesindus*, obra de D. Manuel Carriedo Tejedo, Publicacións do XI Centenario do Nacemento de San Rosendo, 7. Mondoñedo-Ferrol 2007.

É unha excelente biografía de San Rosendo, escrita a partir das fontes documentais, dende as cales podemos seguir, case día a día, os avatares e os principais acontecementos da vida do Santo e da realidade daquel tempo.

4. *San Rosendo e Mondoñedo: Razóns para un Centenario (907-2007)*, Publicacións do XI Centenario do Nacemento de San Rosendo, 1, Mondoñedo-Ferrol, 2006.

É un libro que inaugura a serie de Publicacións do XI Centenario do Nacemento de San Rosendo, patrón da Diocese de Mondoñedo-Ferrol. A magna figura do Santo, o seu inmenso legado espiritual e cultural, e a súa fonda pegada na Igrexa Particular mindoniense-ferrolá, caracterizan esta apaixonante ollada cara un dos máis sobranceiros bispos da historia de Galicia. Ademais, reúne tódalas fontes documentais que hoxe se coñecen, incluídas as de procedencia lusa.

5. *Unha viaxe polas sendas de san Rosendo*, obra de E. Piñeiro de San Miguel e A. Gómez Blanco, editado por COPE-Ferrol en 2008.

Trátase dun fermoso traballo, con moitas e excelentes fotografías, que nos describe unha peregrinación polos lugares rosendianos, reconstruíndo os camiños que recorreu o Santo, verdadeiro monxe viaxeiro que se fixo presente nos lugares mais insospeitados de Galicia.

6. *Rosendo, o noso amigo*. Publicacións do XI Centenario do Nacemento de San Rosendo, 1, Mondoñedo-Ferrol, 2007.

É un comic feito por tres rapaces, un deles da parroquia de Bretoña. Achéganos a figura de San Rosendo con verdadeira vitalidade e entusiasmo. De feito tivo moito éxito entre os nenos e as nenas da diocese.

7. *Facendo Memoria de San Rosendo*. Obra coordinada por S. L. Pérez López e que se publicou como unha separata do nº 23 (2007) 606 páxinas, de *Estudios Mindonienses*.

É unha verdadeira miscelánea e un amplo elenco dos mais diversos aspectos, uns coñecidos e outros inéditos, da figura do noso Patrón. Sen dúbida que, os principais estudosos e especialistas na vida e obra de san Rosendo na actualidade, fan emerxer unha imaxe máis completa da Galicia do século X e do influxo exercido, ó longo da nosa historia, por San Rosendo e os seus continuadores en Celanova e outros mosteiros.

8. *La Diócesis, familia grande y acogedora*. Carta pastoral de Mons. Manuel Sánchez Monge, 1 de marzo de 2007.

Nesta carta ós diocesanos expón, Mons. Sánchez Monge, con toda claridade os obxetivos deste acontecemento xubilar. Así di: “Esta conmemoración puede y debe

ser una preciosa oportunidade para renovar y vigorizar la fe que se afianzó en estas tierras del noroeste ibérico, gracias al trabajo apostólico de san Rosendo y, más tarde con su especial protección”.

9. *San Rosendo, una luz que nos se apaga*. Carta pastoral do Sr. bispo de Ourense con ocasión do Ano Xubilar.

Mons. Quinteiro Fiúza agasallounos, na inauguración do Ano Xubilar, cunha carta pastoral na que fai referencia ó significado histórico de san Rosendo e, o mesmo tempo, prantexa os retos pastorais e espirituais que deben terse en conta para levar a cabo este acontecemento de graza para toda a diocese de Ourense e Galicia enteira.

10. *Una mitra en el Monasterio*. Obra de teatro escrita por Serafín Marqués Gil, Deán da S. I. Catedral Basílica de Ourense.

Ven a ser unha biografía de san Rosendo no seu contexto histórico-relixioso. Moi ben ambientada, cunha linguaxe precisa, sinxela e que verdadeiramente engancha ó espectador. Dita obra foi publicada no nº 23 de *Estudios Mindonienses* e logo nunha separata aparte. Foi representada, con grande éxito, en Ourense e Celanova e dirixida por Alexandra Juno.

11. *Celanova, monasterio de San Salvador*. Libro publicado no ano 2007 por A. Piñeiro e M. Á. González García.

Era unha obra necesaria neste ano en que Celanova se tiña que vestir de gala para este magno acontecemento. É unha síntese da historia do mosteiro celanovés e o seu significado.

12. *Rudesindus. A terra e o templo*, Santiago de Compostela 2007. IBÍD., *Rudesindus. A cultura europea do século X*, Santiago de Compostela 2007. IBÍD., *Rudesindus. O legado do Santo*, Santiago de Compostela 2007. Editados pola Dirección Xeral de Turismo e a S. A do Plan Xacobeo da Xunta de Galicia, baixo a coordinación de F. Singul Lorenzo.

Atopamos aquí editados, en tres volumes, os traballos do Cálculo da exposición *Rudesindus*, que tivo lugar en Mondoñedo, Santiago e Celanova entre maio e novembro de 2007. Son tres obras de moito valor para o estudo da figura de san Rosendo e a súa relación coa cultura e o ambiente do seu tempo.

13. *Misa estacional para o Ano Xubilar de San Rosendo 2*, Mondoñedo e Ferrol 2006, pp. 96.

Trátase da Liturxia Eucarística, con tódalas partes variables da Misa así como cantos, monicións e preces para axudar a unha celebración mais participativa na Eucaristía nas comunidades e parroquias. Ten tamén unha presentación do Sr. Bispo da Diocese, unha aproximación sinxela a vida de San Rosendo, as bulas das Indulxen-

cias Xubilares e un breve texto sobre o sentido da peregrinación como chamada a santidad, da que é exemplo e modelo o Patrón da nosa Igrexa Particular.

14. *Novena e oración eucarística na honra de San Rosendo*, 3, Mondoñedo e Ferrol, 2006, pp. 148.

Pretendemos achegala figura de San Rosendo a vida e á piedade popular da nosa xente. Por isto se editou unha novena na honra do Santo, que pode facerse dentro ou fora da Misa, ou se quere un triduo na festividade de San Rosendo ou en calquera data. Non podía faltar a oferta duns materiais para unha vixilia de oración ante o Señor Sacramentado.

15. *Liturxia das horas na Festa de San Rosendo*, 4, Mondoñedo e Ferrol, 2006, pp. 98.

A Liturxia das Horas únenos a toda a Igrexa que, a través do mundo, traballa, canta e loa ó seu Señor. A presente obra presenta completo o oficio de San Rosendo: I vésperas, oficio de lectura, laudes e II vésperas. Leva así mesmo unhas pequenas introducións, os himnos de San Rosendo e os himnos e cantos apropiados para a celebración solemne da Liturxia das Horas.

16. *A Diocese: Fogar de comunión e misión*, 5, Mondoñedo e Ferrol 2006.

A celebración do Ano Xubilar foi unha ocasión nova para a toma conciencia da nosa pertenza a una Igrexa concreta. Por iso, se publicaron unhas catequeses, que axuden a facer máis real e viva a nosa vinculación a Igrexa en espírito de comunión, comprometidos na tarefa evanxelizadora, misión común a tódolos bautizados. Leva unhas introducións xerais ó tema e remata co testamento de San Rosendo.

17. *San Rosendo, bispo dunha Igrexa diferente*. DVD.

Trátase dun documental que ven a ser unha aproximación á vida e obra de San Rosendo. Así como unha historia sinxela da diocese de Mondoñedo. Pode ser moi útil para catequeses, clases da área social e de relixión. Duración: 30 minutos.

18. *Misa en rito hispano-mozárabe na festa de San Rosendo, Bispo e Confesor*. Mondoñedo e Ferrol, 2007.

A liturxia mozárabe foi celebrada durante moitos anos en Mondoñedo, Iria e Celanova. A celebración do Ano Xubilar foi a ocasión para que este Rito venerable fose celebrado en algunhas ocasións nas nosas dioceses. Trátase dun libro moi ben editado que nos permite achegarnos a unha das fontes mais importantes da espiritualidade litúrxica.

19. *Año Jubilar de San Rosendo*(Ourense).

DVD editado pola diocese de Ourense, onde se fai a historia de san Rosendo e a súa vinculación cos principais lugares da igrexa ourensá.

20. *Novena a San Rosendo*, Celanova-Mondoñedo 2006, por Xosé Pérez Domínguez.

É un bo subsidio pastoral, editado pola parroquia de Celanova no ano 2006, coa pretensión de achegar a devoción a san Rosendo a todas as parroquias e comunidades de Galicia.

21. *Pastoralia*, - Revista de Pastoral da Diocese de Ourense, a cal dedica o nº 21 da mesma, de xeito monográfico á personalidade de san Rosendo.

22. *San Rosendo. Ano Xubilar 907-2007. MC aniversario do seu nacemento*. Material didáctico do IES Celanova. É un material moi ben presentado por un grupo de sete profesores.

23. *Año Jubilar 907-2007 - San Rosendo*, Publicación feita polo Patronato provincial de turismo de Ourense, fermosamente editado.

24. *San Miguel de Celanova, el silencio y la elocuencia de una arquitectura singular*, de M^a Dolores Barral Rivadulla

É un estudo moi ben editado, ten como fin achegar á xente este monumento, testemuña directa dos tempos de san Rosendo e a súa familia.

25. Non podemos deixar de citar os traballos de I. RODRÍGUEZ VARELA, quen, con motivo do MC aniversario do nacemento de san Rosendo, publicou unha exhaustiva bibliografía, sobre diversos aspectos da vida e o contexto rosendiano, nos tres volumes do Cálculo da exposición *Rudesindus*, que tivo lugar en Mondoñedo, Santiago e Celanova entre maio e novembro de 2007, XUNTA DE GALICIA, Consellería de Innovación e Industria, (Coord. F. Singul Lorenzo), “Bibliografía” en *Rudesindus. La tierra y el templo*, Santiago de Compostela 2007, pp. 335-353; *Ibíd., Rudesindus. A cultura europea do século X*, Santiago de Compostela 2007, pp. 353-377; *Ibíd., Rudesindus. El legado del Santo*, Santiago de Compostela 2007, pp. 397-416. Estes Catálogos tamén foron publicados en Galego cos mesmos textos e colaboradores.

26. Temos tamén que enumerar algunhas revistas, e publicacións de diverso nivel, que neste Año Xubilar dedicaron traballos a enxalzar a personalidade de San Rosendo: *Aurensia* no nº 10, publicou tres traballos; *Sementar*, nos números 15 e 16, un artigo en cada número; *Lucensia*, un traballo no nº 34; *Estudios Mindonienses*, nº 23 (2007) número monográfico; *Nalgures*, nº 3, 2006, 1 artículo; *Dumio*, varios artigos ó longo do curso 2006-2007; *Comunidade* varios artigos dende o ano 2006 ata o ano 2008. Tamén habería que enumerar unha grande cantidade de artigos e notas en xornais como *La Voz de Galicia*, *La Región*, *El Progreso*, *Faro de Vigo*, *Diario de Ferrol*, *R2. O Adro*, *Reinado Social*, *El Pan de los Pobres*, *Alfa y Omega*, *Ecclesia*, etc... así como moitas follas e notas en publicacións de varios arceprelados e parroquias.